POBOACIÓN

DIAGNOSE PROXECTO COMPARTIMOS PLAN
2017 – 2018
Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes
Sección de Servizos Sociais
Deputación da Coruña

Redacción:
Equipo técnico DELOGA / Desenvolvemento Local Galego S.L.

ÍNDICE

1. Introdución....4

2. Evolución e estrutura da poboación....5

3. Natalidade....16

4. Mortalidade....22

5. Migracións....24

6. Estrutura familiar....27

7. Conclusións....31

8. Anexo....36

1. INTRODUCIÓN

Neste capítulo analízase a estrutura demográfica e os principais indicadores sociodemográficos para coñecer as características da poboación da provincia. Abórdanse polo tanto, a natalidade, a mortalidade, as migracións e as estruturas familiares, co fin de debuxar as características da provincia, tomando como referencia territorial as comarcas. Estes datos contextualízanse comparándoos coa realidade da Comunidade Autónoma de Galicia e cos do conxunto de España, atendendo ás desiguais situacións de mulleres e homes, sinalando as causas, as consecuencias e os ámbitos de intervención. Incorporar unha perspectiva de xénero á análise demográfica é fundamental para entender como o patriarcado, estrutura de poder que atravesa toda realidade social, tamén afecta á composición e á tendencia das poboacións A estrutura demográfica, que reflexa os principais comportamentos da poboación, é consecuencia dos grandes cambios socioeconómicos, aqueles cun impacto nos nacementos, defuncións ou movementos migratorios. Pero ao mesmo tempo, estes cambios demográficos, como veremos, están detrás dalgúns dos fenómenos sociais máis relevantes do último século.

O século XX foi o século das grandes mudanzas demográficas, aínda que se nos remontamos séculos atrás tamén se constatan cambios nos comportamentos das poboacións na historia. Así, fronte ao comunmente pensado, as poboacións do actual Estado español e do que hoxe coñecemos como Galicia, foron moi dinámicas, con crecementos e descensos poboacionais relevantes. As guerras, pestes e epidemias, os movementos migratorios e as melloras alimenticias foron os principais factores de influencia demográfica en Galicia, chegando esta a duplicar o seu número de habitantes entre os séculos XVI e XVII.

Para entender as dinámicas sociodemográficas, e como estas son produto das orientacións que as sociedades van establecendo en diferentes momentos para organizar a súa idea de benestar, a continuación faise unha breve introdución aos modelos de crecemento e á transición demográfica que se foi sucedendo ao longo da historia. Pero antes disto, cabe precisar que a perspectiva da *Transición Demográfica*, é unha teoría que explica a evolución da poboación dos últimos séculos e resume os principais cambios demográficos en catro fases. A primeira fase, o *Antigo Réxime Demográfico*, é a etapa relacionada coa economía preindustrial agraria caracterizada por altas taxas de mortalidade e natalidade, perturbadas por acontecementos puntuais como guerras, fames ou epidemias. Tras o Antigo Réxime Demográfico, aparece a segunda fase, a *Primeira Transición demográfica*. Esta comeza no século XX e caracterízase por un crecemento demográfico debido a unha diminución da mortalidade infantil, as melloras agrarias e á industrialización, así como a unha mellor alimentación e a unhas mellores condicións sociosanitarias. A terceira fase relaciónase coa *Segunda Transición demográfica*, ou etapa de axuste demográfico, e está datada na segunda parte do século XX. Nesta transición existe un constante descenso da natalidade e persiste a baixada da mortalidade da fase anterior, o que se relaciona co control da fertilidade, coa entrada da muller no mercado laboral e coa instauración do Estado de Benestar.

Por último a denominada *Novo Réxime Demográfico*, que constitúe a cuarta fase, aparece en Galicia e España a finais do século XX e perdura na actualidade. Esta nova situación caracterízase por **unha estabilización poboacional cun crecemento case nulo e unha esperanza de vida en aumento, con baixas taxas de natalidade e de mortalidade.** Pero incluso podería sinalarse unha quinta fase de crecemento negativo, que atoparíamos antes en Galicia que en España, e que está caracterizada por unha perda poboacional, debido ao maior número de defuncións que nacementos, non compensados por unha maior inmigración que emigración.

É innegable que todos estes cambios teñen unha compoñente de xénero, especialmente porque as implicacións das desigualdades entre homes e mulleres son protagonistas dalgúns dos indicadores que analizaremos.

2. EVOLUCIÓN E ESTRUTURA DA POBOACIÓN

A estrutura poboacional dun territorio ofrécenos unha fotografía da realidade demográfica, que xunto ás tendencias rexistradas e aos indicadores construídos, facilitan unha análise en profundidade do tipo de poboación e polo tanto da realidade a estudar. Como se explica na introdución, os grandes acontecementos sociopolíticos e os comportamentos e cambios estruturais dunha sociedade adoitan reflexarse na estrutura poboacional, polo que a partir desta, poderemos sinalar algúns dos principais cambios, desigualdades e tendencias da provincia da Coruña, respecto ás desigualdades entre mulleres e homes, podendo así sinalar liñas de acción.

Se comezamos pola análise dos datos absolutos, a provincia da Coruña tiña, no ano 2017, unha poboación total de 1.120.294 habitantes segundo o Padrón municipal de habitantes, o que representa o 41,36% da poboación da Comunidade Autónoma de Galicia con 2.708.339 habitantes rexistrados, e o 2,41% da poboación de España.

TÁBOA 1.
Poboación absoluta por sexo, provincia da Coruña, Galicia e España. Ano 2017

Territorio	Poboación	Homes	Mulleres
A Coruña	1.120.294	537.311	582.983
Galicia	2.708.339	1.304.392	1.403.947
España	46.572.132	22.832.861	23.739.271

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes*

Respecto á desagregación por sexo, existe unha maior poboación de mulleres que de homes, en concreto, un 47,96% de homes e un 52,03% de mulleres. Esta diferenza, de entorno aos catro puntos porcentuais no 2017, veu aumentando lixeiramente nas últimas dúas décadas, como se observa no seguinte gráfico. Este pequeno ascenso é homólogo á tendencia autonómica e estatal, e explícase en parte como resultado dunha maior porcentaxe de persoas maiores nos territorios que, como logo analizaremos, están altamente feminizados, proxectando unha serie de retos para o futuro cunha forte perspectiva de xénero. Tamén inflúe nesta diferenza que as cohortes de poboación do *baby-boom*, onde se concentra actualmente máis poboación e da que falaremos máis adiante, son de persoas de máis de 40 anos, idade onde a diferenza entre homes e mulleres se reverte superando en número as mulleres aos homes.

Na análise da evolución da poboación da provincia da Coruña vemos que esta veu crecendo dende o ano 1998 ata o ano 2011 un 1,7%, ano a partir do cal a provincia da Coruña comeza a perder poboación, rexistrando unha perda poboacional do 0,7% entre os anos 2011 e 2017. Aínda que **ata o ano 2017 a tendencia é negativa, os indicadores de crecemento da poboación amosan a posibilidade de que a provincia volva gañar poboación a partir do ano 2018.**

GRÁFICO 1.

Evolución da poboación (en miles) segundo sexo na provincia da Coruña. Período 1998 - 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes.*

O crecemento dunha poboación ven determinado polo seu saldo vexetativo, que resulta da diferenza entre o número de mortes e o número de nacementos; e polo saldo migratorio, resultado da diferenza entre o número de inmigracións e o número de emigracións. Na análise comparativa do crecemento da poboación da provincia da Coruña con respecto ao conxunto de Galicia e ao conxunto de España, comprobamos que a provincia presenta un comportamento moi similar ao de Galicia, aínda que con valores lixeiramente superiores ou menos negativos nas fases de decrecemento.

GRÁFICO 2.

Crecemento da poboación en España, Galicia e a provincia da Coruña expresado en miles de persoas. Período 1998 - 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Crecemento e estrutura da poboación.*

A evolución do crecemento poboacional da provincia da Coruña tivo nos últimos vinte anos dúas claras etapas: unha fase de moderado crecemento poboacional, entre os anos 2001 e 2011, nos que a poboación aumentou en 40.520 persoas; e unha **fase de descenso poboacional, aínda non superada**, entre os anos 2012 e 2017, nos que se perderon 17.420 persoas. O comportamento da poboación no conxunto estatal é similar nas tendencias, cun descenso do crecemento a partir do ano 2007 e unha perda poboacional a partir do ano 2011. Aínda así, os datos de España presentan unha situación mellor, pois xa no ano 2016 deixa de perder poboación, mentres a provincia da Coruña aínda perdía poboación no ano 2017.

O seguinte gráfico amosa esta evolución, observándose con claridade as fases mencionadas para a provincia da Coruña. Neste sentido, vemos que na perda poboacional parece claro que **a chegada da crise económica tivo un impacto en dous aspectos fundamentais: un descenso continuo do número de nacementos**, que tivo a súa repercusión na acentuación do descenso do saldo vexetativo a partir de 2011; e no **descenso das inmigracións**, que chega a presentar valores negativos entre os anos 2012 e 2014. Cabe anotar que non existen datos dispoñibles do saldo migratorio previos a 2008, aínda que si están engadidos no cálculo do crecemento da poboación. Aínda así, e ante os datos da evolución do saldo vexetativo para a provincia da Coruña, comprobamos que o crecemento da poboación entre os anos 2001 e 2011 vén determinado por un positivo saldo migratorio, pois o saldo vexetativo é negativo dende hai máis de 20 anos.

É imprescindible ter en conta os factores que afectan ao crecemento da poboación, así como o seu impacto de xénero, xa que **a crise e os movementos migratorios teñen unha clara compoñente de xénero** que é preciso analizar para poder propoñer medidas que reduzan as desigualdades xerais e específicas en cada territorio e que afectan a diferentes colectivos de poboación.

GRÁFICO 3.

Indicadores de crecemento da poboación, saldo migratorio e saldo vexetativos expresado en miles de persoas na provincia da Coruña. Período 1998 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Crecemento e estrutura da poboación.*

Para abordar a estrutura poboacional da provincia é oportuno facer unha aproximación analítica á pirámide de poboación. Trátase dun tipo de gráfico de barras horizontal que representa a estrutura por sexo e idade dunha poboación. Amosa así, en que grupos de idade se atopa, en termos porcentuais, a poboación dun lugar determinado no ano elixido, desagregando estes datos entre homes e mulleres. No gráfico seguinte podemos observar a **pirámide de poboación da provincia da Coruña para o ano 2017,** e polo tanto, identificar en que grupos de idade hai máis e menos poboación, así como a diferenza entre homes e mulleres. A pirámide é unha imaxe fixa da poboación, unha realidade en movemento, polo que non podemos deducir conclusións sobre a rapidez do crecemento da poboación, a dinámica demográfica xeral e moito menos o futuro que esta determinaría. Aínda así, é interesante anotar algunhas cuestións.

En primeiro lugar, e comezando a análise da estrutura poboacional por sexos, observamos na base un maior número de homes que de mulleres dende o tramo de 0 a 4 anos ata o de 30 a 34 anos. Isto débese ao **maior nacemento de homes que de mulleres**, unha causa biolóxica e constante no tempo. Conforme avanzan nos grupos de idade analizados, esta diferenza redúcese, superando as mulleres aos homes a partir dos 30-34 anos, aumentando a porcentaxe de mulleres progresivamente en todas as cohortes, e atopando diferenzas moi significativas nas idades máis avanzadas. Incluso nalgúns grupos de idade, concretamente aqueles de poboación maior de 90 anos, rexístrase o dobre de mulleres que de homes. Este fenómeno é causado pola maior mortalidade masculina e á maior esperanza de vida das mulleres, realidade que cabe ter moi presente polas implicacións que ten nas desigualdades entre homes e mulleres en idades avanzadas.

En segundo lugar, e abordando a estrutura por idades, poden visualizarse tres grandes grupos de idade ven diferenciados, que rematan por debuxar unha pirámide en forma de ás de picas. O primeiro grupo, de 0 a 34 anos, amosa unha base da pirámide de poboación nova estreita; o segundo grupo, que abarca o groso da poboación, sitúase entre os 35 e os 60 anos; e, por último, o grupo de 60 e máis anos, aínda que abarca unha porcentaxe superior á de menores de 35 anos, manifesta unha porcentaxe poboación inferior ao grupo anterior.

GRÁFICO 4.
Pirámide de poboación da provincia da Coruña. Ano 2017 (valores porcentuais)



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Estatística do padrón continuo.*

A comparación desta pirámide en relación coas pirámides de Galicia e de España non amosa disparidades substanciais. As principais diferenzas son unha base lixeiramente máis estreita na pirámide galega e lixeiramente máis ancha na pirámide de España, e, pola contra, a parte superior da pirámide é máis ancha na pirámide de Galicia respecto á da provincia da Coruña, mentres que en España, as persoas maiores de 60 anos representan menos poboación respecto á Coruña. Atopámonos por tanto cunha estrutura da poboación que se atopa nun punto intermedio entre a de Galicia, máis envellecida e con maior dependencia xuvenil e senil, e a de España, cun menor envellecemento. Esta realidade, onde A Coruña sitúase próxima a Galicia pero sendo esta un extremo fronte aos datos de España, confírmase ao longo do diagnóstico de poboación e sinálanos tendencias e desigualdades que se deben ter en conta.

Esta representación gráfica da poboación é resultado de toda unha serie de fenómenos demográficos que se analizan en maior profundidade ao longo do capítulo. Aínda así, existen algúns eventos socioeconómicos e históricos que tiveron e teñen unha influencia determinante na configuración desta estrutura poboacional, polo que cabe explicalos brevemente. Neste sentido, cabe comezar analizando a parte superior da pirámide, a das persoas de máis de 60 anos, que é moito máis ancha que calquera pirámide de anos anteriores. Isto débese a que nas últimas décadas ten existido un incremento da esperanza de vida moi relevante. Este aumento, foi especialmente forte nas mulleres, polo que nos atopamos un teito da pirámide, é dicir, unha **poboación maior, moi feminizada, coa consecuente feminización da dependencia senil.** Pola súa parte, o ensanche da parte intermedia da pirámide débese principalmente á xeración do baby-boom, ademais dos movementos migratorios. Esta xeración correspóndese coa poboación nacida entre 1960 a 1980, e en concreto adoitase acoutar á poboación nacida entre 1957 e 1977. Neste período naceron case 14 millóns de nenos e nenas no Estado español, 2,5 millóns máis que nos vinte anos anteriores e 4,5

millóns máis que nos vinte anos posteriores. Trátase pois dun fenómeno demográfico de escala estatal, con fenómenos similares no plano internacional unha década antes, relacionado co fin da posguerra e un período de certa recuperación económica, que supuxeron unha diminución da mortalidade infantil e un aumento da taxa natalidade. Este fenómeno estatal tivo o seu reflexo na provincia da Coruña na cohorte do intervalo sinalado. Por último, a parte inferior da pirámide, a de poboación menor de 30 anos, amosa unha menor proporción de poboación nova en comparación co groso intermedio da poboación, e incluso coa parte superior, que representan á poboación adulta e maior. Este fenómeno débese, como tamén analizaremos, principalmente **á baixada da natalidade e ao número medio de fillos e fillas por parella**, correspondente coa segunda transición demográfica xa explicada. **Esta gran mudanza na natalidade é un reflexo das mudanzas socioeconómicas estruturais.** Neste sentido, no último século o sistema económico, político e social ten virado radicalmente, pasando de familias extensas, dunha alta natalidade, dunha baixa participación das mulleres no mercado laboral regulado e duns sistemas produtivos centrados no sector primario e secundario; a unha sociedade con familias reducidas, unha menor natalidade, unha masiva incorporación das mulleres ao mercado laboral regrado, aínda sen abandonar os traballos de coidados non remunerados, e un sector económico terciarizado.

No referido á división territorial, a provincia da Coruña está subdividida en 18 comarcas, ámbito que agrupa diferentes concellos e vilas con características xeográficas, económicas e culturais comúns e que estarán moi presentes como territorios de referencia nesta diagnose. A poboación da provincia, atendendo á desagregación comarcal, amosa unha distribución moi desigual, **estando concentrada máis do 75% da poboación da provincia en 5 das 18 comarcas, concretamente en A Coruña, Santiago, Ferrol, Bergantiños e Barbanza.** Temos polo tanto, **máis de tres cuartos da poboación en menos de un terzo das comarcas**, **o que amosa unha clara decadencia demográfica en moitas comarcas que,** como veremos, **rexistran importantes e continuas perdas de poboación e un alto envellecemento.**

GRÁFICO 5.
Porcentaxe de poboación das comarcas respecto á provincia da Coruña. Ano 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes.*

En canto a análise da poboación por comarcas segundo sexo, e tomando como referencia a diferenza media das 18 comarcas, obsérvase que a diferenza é de **2,85 puntos porcentuais máis de mulleres** que de homes, pero a diferenza ascende a 4 puntos porcentuais se analizamos a rexistrada entre mulleres e homes para o conxunto provincial. Non se atopa unha gran variabilidade entre comarcas, aínda que si se observa que **as comarcas máis poboadas, A Coruña, Santiago e Ferrol rexistran as maiores diferenzas porcentuais entre mulleres e homes.** Unha posible explicación ás maiores diferenzas que se rexistran nestas comarca é que **a poboación de mulleres supera á de homes a partir das cohortes poboacionais dos 30 anos en adiante**, e xusto a xeración de 35 a 55 anos supón o groso da poboación nas comarcas referidas. Pola contra, **as comarcas onde se observa unha menor diferenza entre homes e mulleres son Terra de Melide e Arzúa, rexistrando unha poboación lixeiramente masculinizada**. É pertinente polo tanto ter en conta estas diferenzas para buscar causas e consecuencias das desigualdades, e poder propoñer accións adaptadas á idiosincrasia de cada territorio.

TÁBOA 2.

Poboación total e por sexo, porcentaxe de poboación por comarcas e porcentaxe de mulleres na provincia da Coruña. Ano 2017

Comarca	Poboación total	Homes	Mulleres	% Poboación sobre a provincia	% Mulleres
A Coruña	398.730	188.959	209.771	35,6%	52,6%
Santiago	166.692	78.757	87.935	14,9%	52,8%
Ferrol	154.802	74.079	80.723	13,8%	52,1%
Bergantiños	67.357	32.977	34.380	6,0%	51,0%
Barbanza	66.672	32.672	34.000	6,0%	51,0%
Betanzos	37.975	18.673	19.302	3,4%	50,8%
Ordes	36.702	17.989	18.713	3,3%	51,0%
Noia	33.527	16.261	17.266	3,0%	51,5%
Eume	24.834	12.147	12.687	2,2%	51,1%
Fisterra	21.770	10.614	11.156	1,9%	51,2%
Terra de Soneira	17.360	8.396	8.964	1,5%	51,6%
Arzúa	16.500	8.266	8.234	1,5%	49,9%
O Sar	15.922	7.634	8.288	1,4%	52,1%
Xallas	13.491	6.505	6.986	1,2%	51,8%
Muros	12.852	6.196	6.656	1,1%	51,8%
Ortegal	12.531	6.095	6.436	1,1%	51,4%
Terra de Melide	12.153	6.077	6.076	1,1%	50,0%
A Barcala	10.424	5.014	5.410	0,9%	51,9%
Total Provincia	**1.120.294**	**537.311**	**582.983**	**100,0%**	**52,0%**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes.*

Outro indicador sobre a estrutura da poboación dunha sociedade é a idade media, que se define como a media de idades das persoas pertencentes a un determinado ámbito territorial a 1 de xaneiro do ano a consultar e indícanos como de nova ou maior é de media unha poboación. A este respecto, **a idade media da poboación da provincia da Coruña é de 46,5 anos**, similar á da Comunidade Autónoma (46,8 anos), pero notablemente superior se a comparamos coa idade media do Estado, que é de 43 anos, é dicir, 3 anos e medio menos que a da provincia da Coruña. Neste sentido, comprobamos que nos atopamos cun territorio especialmente envellecido, sendo a Comunidade Autónoma de Galicia a que ten, xunto a outras comunidades autónomas como as de Asturias e Castela e León, a media de idade máis alta do de todo o Estado español.

GRÁFICO 6.

Evolución da Idade Media en España, Galicia e A Coruña. Período 1998 – 2017 (valores porcentuais)



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE. Indicadores demográficos.*

No Gráfico seguinte rexístrase a tendencia da idade media da poboación na provincia da Coruña dende 1998 ata 2017 por sexo. Nel vemos un claro **ascenso na idade media,** que é similar tanto para homes como para mulleres, e un aumento total de 5,5 anos nos últimos vinte anos. Tamén se observa que a idade media das mulleres aumentou en 5,4 anos e a idade media dos homes en 5,5 anos. De igual modo, as mulleres acadan unha idade media maior que os homes, isto é, 48 anos fronte á media de 44,8 anos dos homes, polo que rexistra unha diferenza entre mulleres e homes de 3,2 anos que se explica pola **maior esperanza de vida das mulleres** como se detalla no seguinte epígrafe, unha diferenza ademais **que ten consecuencias no envellecemento e na dependencia feminina moi relevantes.**

GRÁFICO 7.

Evolución da Idade Media na provincia da Coruña por sexos. Período 1998 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE. Indicadores demográficos.*

Na desagregación comarcal da idade media por sexo, que pode consultarse na táboa seguinte, atopámonos datos similares aos da provincia, aínda que existen diferenzas territoriais que indican un maior envellecemento nalgunhas comarcas. Ademais, **estas comarcas, con idades medias superiores e cunha poboación maior moi feminizada coinciden con territorios menos poboados e normalmente periféricos dentro da provincia**, polo que multiplícanse os potenciais problemas de prestación de servizos para a igualdade. Nesta liña atopámonos que as idades medias superiores son, de maior a menor, as de **Ortegal, Muros, Terra de Soneira, Arzúa, Xallas e Terra de Melide**, **con idades medias que en todos os casos superan os 50 anos, estando a media provincial en 46,5 anos.**

Por outra banda, vemos tamén que a diferenza na idade media que se rexistra entre homes e mulleres nestas comarcas é, conforme ao esperado, superior á diferenza provincial, a excepción da comarca de Arzúa, situándose ao redor dos 4 anos máis de idade media das mulleres, cando esta diferenza na provincia é de pouco máis de 3 anos. Pola contra, **as comarcas con menor idade media son Santiago, A Coruña e Barbanza**, neste caso con idades medias que se sitúan en torno aos 45 anos ou menos. Nestas comarcas, a diferenza na idade media entre homes e mulleres achégase máis á media provincial de 3,2 anos, estando entre os 2,8 e os 3,3 anos de diferenza, debuxando así comarcas cunha poboación máis nova e menos envellecidas.

TÁBOA 3.
Idade media por comarcas e diferenzas por sexo na provincia da Coruña. Ano 2017

Comarcas	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Diferenza
A Barcala	49,2	47,5	50,8	-3,3
A Coruña	45,1	43,4	46,7	-3,3
Arzúa	50,8	49,6	52	-2,4
Barbanza	44,8	43,4	46,2	-2,8
Bergantiños	48	46,4	49,5	-3,1
Betanzos	49,3	47,7	50,9	-3,2
Eume	48,3	47	49,6	-2,6
Ferrol	47,7	45,8	49,4	-3,6
Fisterra	48,5	47,2	49,7	-2,5
Muros	51,6	49,5	53,6	-4,1
Noia	48,3	46,7	49,9	-3,1
O Sar	47,3	45,5	49,1	-3,6
Ordes	47,5	46	48,9	-2,9
Ortegal	53,4	51,3	55,5	-4,2
Santiago	44	42,4	45,4	-3,1
Terra de Melide	50,5	49,2	52	-2,8
Terra de Soneira	50,9	48,8	52,9	-4,1
Xallas	50,6	48,7	52,4	-3,7
Total provincia	**46,5**	**44,8**	**48**	**-3,2**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE. Indicadores demográficos.*

Aínda que a idade media é un bo indicador da estrutura da poboación, para profundar na súa análise é necesario recorrer a outros indicadores que analizan con maior profundidade a composición da sociedade. Algúns destes indicadores son **os índices de dependencia ou os de envellecemento**. Os índices de dependencia defínense como a porcentaxe dunha poboación en idade potencialmente dependente (idades baixas, avanzadas ou ambas) respecto á poboación potencialmente activa (de 15 a 64 anos). Deste modo, recóllense **tres tipos de indicadores de dependencia**, en primeiro lugar, **o índice de dependencia xuvenil** como o número de persoas menores de 15 anos por cada 100 persoas de 15 a 64 anos; en segundo lugar o **índice de dependencia senil**, como o número de persoas maiores de 64 anos por cada 100 persoas de 15 a 64; e por último o **índice de dependencia global** como o número de persoas menores de 15 anos ou maiores de 64 por cada cen persoas de 16 a 64 anos, que é resultante da suma do índice de dependencia xuvenil e o senil. É preciso anotar que a interpretación destes índices non é igual, xa que se por unha banda o índice de dependencia xuvenil está a indicarnos un maior número de persoas novas respecto ás activas e polo tanto uns retos, problemas e aportes relacionados coa natalidade e os coidados da crianza. O índice de dependencia senil sinala retos, problemas e aportes referidas á mortalidade, aos coidados das persoas maiores e a súa posición na sociedade, tendo signo con frecuencia contrario, xa que atopamos poboacións con un alto índice de dependencia senil e baixo índice de dependencia xuvenil como veremos.

Na seguinte táboa poden observarse os índices de dependencia para a provincia da Coruña, Galicia e España. Na provincia da Coruña, no ano 2017 o índice de dependencia xuvenil foi do 17,1% o que significa que por cada 100 persoas potencialmente activas (de 15 a 64 anos) había 17,1 menores de 15 anos. O índice de dependencia senil foi no 2017 do 37,5% o que expresa que por cada 100 potencialmente activas de entre 15 e 64 a nos había 37,5 persoas maiores de 65 anos. Por último, o índice de dependencia global, foi de 56,6% o que representa que por cada 100 persoas potencialmente activas de 15 a 64 anos había 56,6 persoas menores de 15 anos ou maiores de 64 anos, e polo tanto potencialmente dependentes. Estes datos da provincia da Coruña son similares aos datos de Galicia pero significativamente diferentes aos datos do Estado, pois mentres a diferenza entre os índices de dependencia xuvenil e senil é de 20 puntos en Galicia e Coruña, no conxunto estatal é tan só de 5 puntos sinalando unha estrutura con moita menos poboación maior respecto á poboación activa en comparación con Galicia e A Coruña.

TÁBOA 4.
Índices de dependencia global, xuvenil e senil na provincia da Coruña, Galicia e España. Ano 2017

Ámbito territorial	Índice de dependencia global	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil
Provincia da Coruña	56,60%	17,10%	37,50%
Galicia	57,60%	18,90%	38,70%
España	53,80%	24,70%	29,20%

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE. Indicadores demográficos.*

Atopamos polo tanto que **na provincia da Coruña o índice de dependencia senil dobra ao índice de dependencia xuvenil.** Isto é froito dunha estrutura poboacional envellecida xa explicada, e sinala importantes retos dende unha perspectiva de xénero, pois as problemáticas asociadas á vellez son diferenciais por sexo. Por outra banda, **debido ao maior número de mulleres maiores e potencialmente dependentes, así como á feminización dos traballos de coidados, é imprescindible atender especialmente á realidade da dependencia senil e xuvenil, así como ás consecuencias que ten na división sexual do traballo e nas cargas familiares**. Ademais, a relación de recursos precisos no marco do Estado de Benestar español para o sostemento do sistema de pensións e do sistema educativo ponse a miúdo en cuestión con proxeccións de poboación con esta tendencia, polo que é preciso abordar as consecuencias desta realidade.

No seguinte gráfico obsérvase a evolución dos índices de dependencia na provincia da Coruña entre os anos 1998 e 2017. Centrándonos no índice de dependencia global vemos que rexistra un crecemento continuo, especialmente acentuado a partir do ano 2008, pasando en 8 anos de situarse no 47,1% ao 56,6%. Este aumento explícase ao observar o índice de dependencia senil, que vén explicado polo aumento da poboación de 65 e máis anos e o correspondente envellecemento da poboación. Pola contra, a dependencia xuvenil non sufriu grandes variacións, producíndose un leve descenso entre 1998 e 2005 e un lixeiro incremento a partir dese ano. Esta situación sociodemográfica fai que **a cantidade de horas dedicadas ás tarefas de coidados das persoas dependentes sexa moito maior; tarefas asumidas historicamente polas mulleres nas familias, e polo tanto, cun importante impacto de xénero.** Por último, sinalar que na desagregación por sexo dos índices, as diferenzas existentes responden á propia composición da poboación, pois a maior dependencia senil en mulleres e a menor dependencia xuvenil en homes responde á feminización da vellez por unha banda, e ao maior nacemento de homes por outra.

GRÁFICO 8.
Evolución dos índices de dependencia global, xuvenil e senil na provincia da Coruña. Período 1998 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE. Indicadores demográficos.*

En canto á análise territorial da dependencia, na táboa e no gráfico seguintes preséntanse os índices de dependencia xuvenil, senil e global desagregados segundo as comarcas da provincia da Coruña. As

diferenzas territoriais amosan unha realidade xa anticipada anteriormente, pois **as comarcas máis poboadas, principalmente A Coruña e Santiago, presentan os índices de dependencia global máis baixos,** e especialmente nos índices de dependencia senil. Pola súa parte, **as comarcas menos poboadas, como Ortegal, Muros, Terra de Melide e A Barcala, contan cos maiores índices de dependencia global** e, neste caso tamén, de dependencia senil. Loxicamente, **as comarcas máis envellecidas son as que teñen unha maior dependencia senil e unha menor dependencia xuvenil, e as menos envellecidas as que teñen unha dependencia global menor, pero unha maior dependencia xuvenil.**

TÁBOA 5.
Índices de dependencia xuvenil, senil e global por comarcas da provincia da Coruña. Ano 2017

Comarcas	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil	Índice de dependencia global
A Barcala	17,62	49,62	67,24
A Coruña	20,59	33,63	54,22
Arzúa	14,86	50,82	65,68
Barbanza	20,05	33,25	53,3
Bergantiños	17,52	42,32	59,85
Betanzos	17,42	47,57	64,99
Eume	15,89	39,63	55,51
Ferrol	18,45	41,43	59,88
Fisterra	15,67	43,23	58,9
Muros	13,44	54,87	68,31
Noia	17,27	44,45	61,72
O Sar	18,58	41,47	60,05
Ordes	18,08	41,15	59,23
Ortegal	12,46	62,64	75,1
Santiago	20,93	28,99	49,92
Terra de Melide	15,95	51,85	67,8
Terra de Soneira	13,97	52,39	66,36
Xallas	13,73	52,24	65,97
Total provincia	**19,13**	**37,51**	**56,64**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE. Indicadores demográficos.*

GRÁFICO 9.
Índices de dependencia xuvenil e senil nas comarcas da provincia da Coruña. Ano 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE. Indicadores demográficos.*

Por outra parte, o índice de envellecemento indícanos a cantidade de persoas de 65 e máis anos que hai por cada 100 persoas de 15 e menos anos. Desta forma, podemos determinar a relación de equilibrio entre

as persoas maiores e as novas dunha poboación. É relevante atender ao envellecemento dunha poboación polas implicacións que supón para os sistemas de benestar, o mercado laboral ou o sistema de coidados, aínda que non se pode esquecer que un índice coma este non determina necesariamente o futuro, e que os fluxos migratorios e os cambios sociopolíticos poden dar levar a situacións demográficas diferentes e descoñecidas.

No caso da provincia da Coruña atopamos que no 2017 o índice de envellecemento era de 149% o que significa que **por cada 100 menores de 15 anos había 149 maiores de 64**. É similar aínda que algo inferior ao dato galego, de 154%, pero notablemente superior ao dato de España de 118%. Igual que o índice de dependencia, as diferenzas entre sexos son importantes xa que **a poboación de máis de 64 anos está altamente feminizada**, polo que no 2017 había un índice de envellecemento para as mulleres de 178%, 56 puntos máis que o índice de dependencia dos homes.

A evolución do índice de envellecemento, que se pode atopar no seguinte gráfico, amosa un crecemento constante dende o ano 1998, aumentando dende entón en 61 puntos e superando a barreira do 100 no ano 2000, o que significa **que pasou a haber máis maiores de 64 anos que menores de 15.** A diferenza entre homes e mulleres pasou dos 39 puntos aos 55 en 20 anos, resultado do incremento da poboación maior. Estas cifras son preocupantes xa que o mantemento do sistema de benestar e as pensións están en cuestión, polo menos tal e como están agora deseñados. De todos modos, isto non significa que o aumento da poboación maior sexa un problema en si mesmo, xa que nunca houbo na historia **unha esperanza de vida tan alta como agora**, indicador positivo. **Haberá que ponderar polo tanto este novo panorama, atendendo ás implicacións que o maior envellecemento da poboación ten nos sistemas de dependencia e de coidados**, e ter en conta o papel que poden xogar as persoas maiores na sociedade, como por exemplo nos coidados, así como os potenciais fluxos migratorios.

GRÁFICO 10.
Índice de envellecemento por sexo da provincia da Coruña entre 1998 e 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE. Indicadores demográficos.*

En canto ao índice de envellecemento comarcal para o ano 2017, atopamos una situación similar á observada nas idades medias comarcais, xa que **Barbanza, A Coruña e Santiago son as comarcas cunha menor idade media e teñen tamén un índice de envellecemento menor ao da provincia** (119% 125% e 106% respectivamente). O resto de comarcas teñen índices superiores á media provincial, mais ao ser as primeiras importantes núcleos de poboación, teñen un maior peso sobre o total. De feito, como podemos observar na seguinte táboa, a desviación da media provincial é elevada en case todos os casos, sendo **Ortegal o caso máis extremo cun índice de envellecemento do 343,95%.** A Ortegal séguenlle as comarcas de **Arzúa, Muros, Terra de Melide, Terra de Soneira e Xallas, comarcas que como vimos teñen tamén a maior idade media da provincia**. Respecto ás diferenzas entre homes e mulleres, atopamos sempre un maior envellecemento feminino, con casos sobresaíntes como o de **Ortegal cun**

índice de envellecemento feminino de 420% sendo o masculino do 277%. Cómpre polo tanto atender, como vimos dicindo, **a este maior envellecemento feminino e as comarcas que sobresaen para sinalar desigualdades e posibles actuacións e intervencións en materia de igualdade.**

TÁBOA 6.
Índices de envellecemento por comarcas, ano 2017

Comarcas	Homes	Mulleres	Total
A Barcala	174,74	252,07	211,81
A Coruña	101,24	151,72	125,78
Arzúa	223,57	276,21	249,89
Barbanza	101,62	144,06	122,07
Bergantiños	150,61	216,45	181,83
Betanzos	173,58	250,23	209,3
Eume	159,27	209,8	184,59
Ferrol	137,63	205,03	170,21
Fisterra	172,99	231,28	201,11
Muros	226,26	347,62	283,2
Noia	160,17	219,87	189,72
O Sar	136,74	206,61	170,64
Ordes	145,28	201,97	172,58
Ortegal	275,85	432,84	348,1
Santiago	86,24	129	107,08
Terra de Melide	210,95	289,08	247,45
Terra de Soneira	214,71	321,06	264,17
Xallas	219,11	312,25	263,57
Total provincia	**122,06**	**177,67**	**148,98**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE. Índices demográficos.*

3. NATALIDADE

A través da análise da estrutura da poboación e dos datos de crecemento puidemos anticipar, en certa medida, algúns indicios da realidade actual da natalidade na provincia da Coruña. Porén, cabe sinalar que a realidade da provincia é moi similar á que se rexistra tanto en España como noutros países europeos. A este respecto, no último século téñense desencadeado mudanzas sociais moi importantes, cunha afectación particular á natalidade, influíndo nos comportamentos socioeconómicos das poboacións e en especial das mulleres. A incorporación das mulleres ao mercado de traballo, o desenvolvemento de mellores sistemas anticonceptivos ou, incluso desde unha visión economicista, a percepción dos fillos e fillas como un custo que supera aos beneficios, son algunhas das explicacións que se apuntan sobre a redución da natalidade. Para abordar este ámbito demográfico, a continuación trátanse diversos **indicadores de natalidade, fecundidade e de idade media á maternidade** da provincia da Coruña; establecendo unha comparación con Galicia e España, a súa tendencia e a desagregación comarcal.

Un primeiro indicador a analizar é a **taxa bruta de natalidade**, que se define como o número total de nacementos nun ano por cada mil habitantes. Na provincia da Coruña rexistrouse no **ano 2017 unha taxa bruta de natalidade de 6,91‰,** algo superior ao dato galego que é de 6,81‰, pero notablemente inferior ao dato do conxunto estatal, onde a taxa bruta de natalidade acada 8,37 nacementos por cada mil habitantes. No seguinte gráfico podemos ver a evolución deste indicador entre os anos 1975 e 2017. A evolución da natalidade sufriu un brusco descenso dende 1975 ata 1996, tanto na provincia como na Comunidade Autónoma e no Estado e responde á segunda fase de transición demográfica, comentada anteriormente, e asociada a incorporación da muller ao mercado de traballo e ao control da natalidade. Nestes vinte anos, a provincia da Coruña pasou dunha taxa do 17,20‰ a 6,73‰, o valor máis baixo da serie histórica, pero moi próximo ao actual. De 1997 a 2008 a natalidade mantivo un lixeiro ascenso e acadando no ano 2008 o maior valor das dúas décadas anteriores, sufrindo a partir de entón, coa chegada da crise económica, unha tendencia descendente. A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a

expansión dos métodos anticonceptivos e os cambios económicos parecen os principais elementos explicativos do descenso sinalado, a inmigración e a recuperación económica previa a 2007 son factores que indican ese ascenso, aparecendo de novo a crise do 2007 como factor relevante no descenso da natalidade da última década.

GRÁFICO 11.
Evolución da taxa bruta de natalidade na provincia da Coruña. Período 1975 - 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir do INE, Indicadores Demográficos.*

Respecto á análise da taxa bruta de natalidade por comarcas, e tomando como referencia o último ano con datos dispoñibles, que é 2016, atopamos que **as comarcas de Santiago, O Sar, A Coruña e Barbanza son as que teñen a maiores taxas brutas de natalidade**, con valores entre o 7‰ e o 8‰. Pola contra, atopamos de novo que Ortegal, Xallas e Muros teñen unhas taxas de 3,8‰, 4,5‰ e 4,7‰ respectivamente. **Como vemos, as comarcas con menores taxas brutas de mortalidade corresponden coas comarcas que rexistran maiores índices de envellecemento.**

GRÁFICO 12.
Taxa bruta de natalidade por comarcas da provincia da Coruña. Ano 2016



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, indicadores demográficos.*

Outro indicador de natalidade é a taxa xeral de fecundidade, que indica o número de nacementos por cada 1000 mulleres en idade fértil (15-49) nun ano. Esta taxa rexistra en Galicia, no ano 2017, un valor de 32,48 nacementos por cada 1000 mulleres en idade fértil, dato similar pero algo inferior ao da provincia da Coruña que é de 32,58‰. Pola contra, atopamos que no Estado español no ano 2017, a taxa xeral de fecundidade alcanzou os 37,07 nacementos por cada mil mulleres en idade fértil, é dicir, a taxa nacional presenta catro puntos máis que a da provincia da Coruña.

Respecto á evolución da taxa xeral de fecundidade, vemos no gráfico seguinte que a partir do ano 1975 prodúcese un descenso brusco que se prolonga ata o ano 1996, pasando neste caso de 70 nacementos

por cada 1.000 mulleres en idade fértil a 26,3. A partir do ano 1996 e ata o ano 2008 o obsérvase un lixeiro crecemento, acadando en 2008 o maior valor dos últimos vinte anos, cunha taxa de 35,9‰. Dende 2008 volve a observarse un lixeiro descenso na taxa coa excepción dos anos 2015 e 2016. Podemos explicar entón a evolución histórica de igual ou similar modo que a taxa bruta de natalidade, xa que ambas compórtanse de xeito moi similar. Cómpre sinalar, porén, que o aumento que se rexistra dende 1996 é debido en boa medida á redución da poboación feminina en idade fértil, máis que ao aumento do número de nacementos anual, xa que este se mantivo practicamente estable dende hai case 20 anos.

GRÁFICO 13.
Evolución da taxa xeral de fecundidade na provincia da Coruña. Período 1975 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Indicadores demográficos.*

No seguinte gráfico obsérvase a desagregación comarcal da taxa xeral de fecundidade para o ano 2016, último ano do que o IGE ofrece estes datos, e vemos que moitas das comarcas seguen a tendencia provincial e sitúan a súa taxa xeral de fecundidade en torno ao 34‰ que rexistra de medida a provincia da Coruña. Aqueles casos con **valores máis baixos entre o 22‰ e o 27‰ son os das comarcas do Ortegal, Xallas, Muros e Terra de Soneira onde o número de nacementos anual é moi reducido, e a cantidade de poboación feminina en idade de ter fillos non é tan baixa, proporcionalmente, coma noutras comarcas**. Neste sentido, comprobamos que os baixos indicadores de natalidade para estas comarcas súmanse aos altos índices de envellecemento, aínda que estes non teñen un efecto na taxa xeral de fecundidade, pois esta toma como referencia soamente a poboación de mulleres en idade fértil. Pola contra, os casos que teñen maiores taxas xerais de fecundidade son Santiago e O Sar.

GRÁFICO 14.
Taxa xeral de fecundidade por comarcas da provincia da Coruña, ano 2016



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Indicadores demográficos.*

O índice conxuntural de fecundidade, defínese, a diferenza da taxa de fecundidade, como o número medio de fillos e fillas que tería unha muller ao longo da súa vida de manterse a intensidade da fecundidade. Ao

interpretarse como o número de fillos e fillas medio por muller adoita sinalarse o 2,1 como o mínimo índice de recambio xeracional, isto é, o número de fillos/as necesarias para renovar as poboacións. Aínda así, e tendo isto en conta, non podemos esquecer os cambios demográficos e socioeconómicos descritos que poderían perturbar esta máxima de recambio, xa que a crecente influencia das migracións e os límites naturais do alto crecemento da poboación mundial respecto aos recursos dispoñibles e ao consumo enerxético poden sinalar barreiras e límites.

No seguinte gráfico obsérvase a evolución do índice conxuntural de fecundidade na provincia da Coruña dende o ano 1975 ata a actualidade. Nel apréciase como os valores descenderon constantemente entre 1975 e 1996, pasando de 2,43 fillos/as de media no ano 1975 a 0,89 no ano 1996. A partir deste ano o índice conxuntural de fecundidade recupérase cun lixeiro ascenso, en constante aumento dende 2002 ata 2008 e diminuíndo dende entón ata o ano 2013. Nos últimos 4 anos analizados observábase unha tendencia crecente que finaliza, porén, no último ano 2017.

A tendencia descendente producida entre 2008 e 2013 pode estar relacionada cos primeiros anos da chegada da crise económica, onde os problemas xerados pola economía fixeron reducir o número de nacementos. É importante sinalar a diferenza entre o desexo de ter fillas ou fillos e o número que finalmente se ten, porque unha baixada en termos xerais do índice conxuntural de fecundidade pode estar influenciada por factores externos e tendencias non necesariamente negativas. Pero se existen diferenzas entre os desexos e a realidade, aí si se poden atopar dificultades económicas e de conciliación familiar e laboral, que afectan principalmente ás mulleres e que poderían ser abordadas máis directamente.

GRÁFICO 15.

Índice conxuntural de fecundidade na provincia da Coruña. Período 1975 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE. Indicadores de Fecundidade.*

Para realizar unha análise territorial, o seguinte gráfico recolle o índice conxuntural de fecundidade das comarcas por orde de menor a maior. De novo o mapa da provincia reflexa unha **diferenza notable entre aquelas poboacións envellecidas como Xallas, Ortegal ou Muros, con índices conxunturais de fecundidade menores ao 0,9 e Barbanza, Santiago e O Sar como comarcas con maior índice conxuntural de fecundidade próximo ao 1,3**. Este panorama indica, tal e como comentamos, a necesidade de aplicar estratexias de aproximación e intervención sobre a desigualdade específicas e adaptadas a cada territorio.

GRÁFICO 16.
Índice conxuntural de fecundidade por comarcas da provincia da Coruña. Ano 2016



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Indicadores demográficos.*

Un aspecto que pode tamén estar relacionado coa diminución do índice conxuntural de fecundidade é a evolución da idade media á maternidade, que se define como a idade media na que unha muller tería ás súas fillas e/ou fillos, en caso de manterse a mesma intensidade fecunda. Os datos que se recollen no seguinte gráfico amosan que **a idade media á maternidade no 2017 na provincia da Coruña é de 32,98 anos,** similar á de Galicia de 32,76 anos, e algo superior ao dato español, de 32,09 anos. A evolución da idade media á maternidade para a provincia da Coruña, Galicia e España amosa pautas moi similares. Porén, o incremento é significativamente maior na provincia da Coruña e en Galicia que no Estado español, pois dende o ano 1980, ano no que a idade media á maternidade presentaba os seus valores máis baixos, a idade media á maternidade aumentou 3,8 anos en España, 5,5 anos en Galicia e 5,8 anos na provincia da Coruña. Ademais, vemos que ata a década dos 90 a idade media á maternidade na provincia da Coruña e en Galicia era inferior á do conxunto estatal e a partir do ano 2000 cambia a situación presentando a provincia da Coruña e Galicia valores máis altos que os rexistrados para España. Esta situación pode ser **explicada por unha incorporación máis tardía das mulleres de Galicia ao mercado de traballo e unha maior pervivencia dos valores tradicionais e de xénero na década dos 70 e 80**, **contexto que favorecía unha maternidade máis temperá nas mulleres galegas**. Por outra banda, o estado español convértese nun país receptor de importantes fluxos migratorios a partir dos anos 2000, o que tivo un efecto na estabilización que se ve entre os anos 2000 e 2008 da idade media á maternidade, pois as mulleres estranxeiras presentan unha idade media á maternidade notablemente inferior á das mulleres españolas, o que inciden nos datos rexistrados para o conxunto nacional. É so a partir do ano 2008, ano no que a crise económica fai que moitas persoas estranxeiras abandonen o país, cando a idade media á maternidade volve a recuperar a tendencia crecente. No caso de Galicia, a presenza de poboación estranxeira, como veremos máis adiante, é moi inferior, polo que non chega a ter o efecto que se observa para o conxunto do estado español. En calquera caso, estes son só algúns dos fenómenos que inflúen nos datos da idade media á maternidade, pero non os únicos.

GRÁFICO 17.

Evolución da idade media á maternidade na provincia da Coruña, Galicia e España. Período 1975 - 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE. Indicadores Demográficos.*

No seguinte gráfico represéntase a evolución da idade media á maternidade da provincia da Coruña desagregada polo orde de nacemento das fillas e fillos, isto é, a que idade media unha muller é nai por primeira, segunda, terceira e cuarta vez ou máis. No último ano 2017 vemos que existe unha diferencia de 2,6 anos na idade media á maternidade da/o primeira/o filla/o e a idade media á maternidade da/o segunda/o filla/o. Neste caso aprécianse maiores diferenzas na evolución das idades medias á maternidade da/o primeira/o filla/o que no total representado no anterior gráfico, xa que a idade media á primeira/o filla ou fillo aumentou dende o 1975 en 8 anos, o dobre que o aumento total. Neste sentido, é probable que as idades medias á maternidade da/o segunda/o e sobre todo da/o terceira/o e cuarta/o filla ou fillo aumentaron en moita menor medida, en parte pola redución das/os segundas/os, terceiras/os e cuartas/os fillas ou fillos. En calquera caso, **o aumento da idade media á maternidade non é un problema en si mesmo, pero ao reducirse o número de nacementos e ao producirse estes máis tarde, o proceso de envellecemento da poboación acelérase.**

GRÁFICO 18.

Idade media á maternidade, por orde de nacemento na provincia da Coruña. Período 1975 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Indicadores Demográficos.*

Respecto á desagregación comarcal, recollida no seguinte gráfico, obsérvase a idade media á maternidade por comarcas na provincia da Coruña. Os datos non difiren moito, pero cabe sinalar os casos de Muros,

Santiago, A Barcala e A Coruña, como comarcas cunha idade media á maternidade maior á media provincial e superior aos 33 anos. Pola contra, destacan con idades medias inferiores Ortegal e Barbanza, con ao redor dos 31 anos ambas comarcas.

GRÁFICO 19.
Idade media á maternidade por comarcas da provincia da Coruña. Ano 2016



► *Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Indicadores Demográficos.*

4. MORTALIDADE

Xa abordadas a estrutura de poboación e a natalidade, cabe analizar a realidade da mortalidade na provincia da Coruña. Como se explicou na introdución, a baixada da mortalidade produciuse na primeira fase da transición demográfica, polo que as variacións nas últimas dúas décadas son mínimas. Aínda así, a análise dos indicadores de mortalidade e de esperanza de vida permiten contextualizar a situación da provincia en comparación con España e Galicia, as tendencias e a desagregación por comarcas.

Se comezamos pola análise da taxa bruta de mortalidade, definida como o número total de defuncións ao longo dun ano por cada mil habitantes, cabe deterse primeiramente na análise comparativa da provincia da Coruña con respecto a Galicia e a España. Neste sentido, a provincia rexistrou no ano 2017 unha taxa bruta de mortalidade de 11,29 defuncións por cada mil habitantes, unha taxa significativamente superior á do conxunto estatal, de 9,05‰, e lixeiramente inferior á de Galicia, de 11,81‰. Este indicador presenta as mesmas pautas que outros indicadores analizados debida a súa relación co índice de envellecemento, pois como veremos posteriormente, a esperanza de vida na provincia non deixou de crecer nos últimos 10 anos, salvo nalgúns anos puntuais. Con respecto á evolución, no gráfico seguinte obsérvase a evolución da taxa bruta de mortalidade na provincia da Coruña dende 1975 a 2017. Como xa se referiu, pode observarse unha tendencia ascendente pero cunha forza moderada, con flutuacións mínimas que non deixan establecer claras etapas, alén da tendencia ascendente. Como vemos a taxa bruta de mortalidade creceu en 2,31 puntos, pasando de 8,98‰ en 1975 ao actual 11,29‰.

GRÁFICO 20.
Evolución da taxa bruta de mortalidade na provincia da Coruña. Período 1975 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE. Indicadores de Mortalidade.*

No referido á taxa bruta de mortalidade por comarcas e por sexo, atopamos un resumo no seguinte gráfico onde se ordenan as comarcas de menor a maior taxa bruta de mortalidade xeral. Os datos son do 2016, último ano do que se dispoñen datos con desagregación comarcal. De novo aparecen **Santiago, A Coruña e Barbanza como as que presentan os valores máis baixos derivado do seu menor envellecemento**. Os casos de Coruña e Santiago conseguen reducir a media provincial ao tratarse das dúas comarcas máis poboadas. Pola outra banda, as **comarcas do Ortegal, Arzúa e Terra de Melide son, como víamos anteriormente, das comarcas máis envellecidas e neste caso as que teñen unha maior taxa bruta de mortalidade.** Respecto á desagregación por sexos, **a taxa bruta de mortalidade é sempre maior nos homes que nas mulleres**, con pequenas excepcións nas comarcas de Arzúa, Eume ou Noia, situación excepcional do ano 2016, pois se vamos a anos anteriores a taxa bruta de mortalidade de homes adoita ser tamén maior que a das mulleres nestas comarcas. **Esta maior taxa bruta de mortalidade masculina ten que ver, entre outros factores, co maior nacemento de homes que de mulleres.**

GRÁFICO 21.
Taxa bruta de mortalidade por sexo e comarcas da provincia da Coruña. Ano 2016



► *Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE. Indicadores demográficos.*

Outro indicador estreitamente relacionado coa mortalidade é a **esperanza de vida, que se define como o número medio de anos que vivirá unha xeración sometida en cada idade ao patrón de mortalidade observada nun ámbito territorial e ano concreto**. Para a esperanza de vida, só existen datos a nivel provincial, sendo a **esperanza de vida da provincia da Coruña en 2017 de 82,95 anos**, moi similar á de Galicia de 83,08, e á de España, que se sitúa nos 83,1 anos. No seguinte gráfico podemos ver a evolución deste indicador na provincia da Coruña dende 1975 ata 2017. Nel vemos que a tendencia ascendente é constante, aínda que se observan períodos de maior crecemento como o observado entre os anos 1975 e 1980, cun crecemento medio anual do 0,6%; séguelle a década dos 80 cun crecemento da esperanza de

vida máis lento, pois crece a unha media anual do 0,16%; e a partir da década dos 90 e ata o último ano 2017 volve a acelerarse o crecemento cunha media anual do 0,31%.

Por outra banda, cabe remarcar as diferenzas da esperanza de vida por sexos, xa que existe unha distancia importante a favor das mulleres, de máis de 5 anos fronte aos homes. A este respecto, existen moitos factores que inflúen nesta diferenza entre homes e mulleres, algúns de corte biolóxico, como a maior propensión de homes a padecer infartos, pero outros de corte social, que ten que ver cos roles de xénero asociados á masculinidade, que propicia comportamentos de risco favorecedores dunha maior mortalidade masculina (tabaquismo, alcoholismo, accidentes de tráfico, etc.).

GRÁFICO 22.
Evolución da esperanza de vida por sexo na provincia da Coruña. Período 1975 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE. Indicadores demográficos.*

5. MIGRACIÓNS

Se nos anteriores apartados analizamos a estrutura poboacional mediante os movementos naturais da poboación, isto é, o ámbito da natalidade e o da mortalidade, é preciso para completar a estrutura abordar a poboación inmigrante e os movementos migratorios de poboación na provincia da Coruña.

A poboación inmigrante de Galicia no ano 2017, entendida como aquela nacida no estranxeiro, independentemente da súa nacionalidade, era de 214.918 persoas, o que supón o 7,94% da poboación total galega, porcentaxe notoriamente inferior á que se rexistra para o conxunto estatal, onde o 13,27% da poboación é nada no estranxeiro. Respecto á provincia da Coruña, **a poboación inmigrante era no ano 2017 de 85.779 persoas,** porcentaxe moi similar á galega, cun 7,66% de poboación nada no estranxeiro, sendo Ourense a provincia de Galicia con maior poboación inmigrante respecto a súa poboación, cunha porcentaxe do 10,62%.

No referido ao país de nacemento da poboación inmigrante, atopamos uns datos relevantes tanto pola orixe desta poboación como polas diferenzas entre sexos. No 2017 o 11,74% da poboación nacida no estranxeiro residente na provincia da Coruña nacera en Venezuela, seguida da poboación nacida en Arxentina co 7,22% e a nacida en Brasil co 7,12%. Como se observa no seguinte gráfico, onde se recollen os valores absolutos, as diferencias entre sexos son importantes nalgúns dos casos, nomeadamente **existe unha alta feminización de persoas inmigrantes brasileñas, colombianas e dominicanas con máis dun 63% de mulleres respecto aos homes.** Pola contra, existe tamén unha altísima **masculinización da poboación senegalesa cun 84% de homes** e só un 15% mulleres, atopando tamén na poboación marroquí unha maior poboación masculina que feminina, co 55% de homes e o 45% de mulleres. Haberá que abordar esta realidade atendendo ás especificidades dos países de orixe, xa que poden atoparse situacións de especial

vulnerabilidade onde as desigualdades de xénero se sumen ás situacións de desigualdade polo feito de ser inmigrantes e nalgúns casos persoas racializadas. Ademais poden darse situacións económicas delicadas, atravesando, por tanto, unha tripla discriminación en base a estruturas de poder patriarcais, capitalistas e coloniais que coloque a estas mulleres en situación especialmente complexa. Cabe ter en conta ademais, as redes de apoio mutuo destas comunidades e as súas estratexias de inserción laboral e vital para abordar adecuadamente a súa situación.

GRÁFICO 23.

Poboación nacida no estranxeiro da provincia da Coruña segundo principais países de nacemento e sexo. Ano 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de Habitantes.*

A nivel comarcal existen diferenzas importantes entre unhas comarcas e outras na porcentaxe de poboación inmigrante. No seguinte gráfico atopamos que **as comarcas máis poboadas por persoas nadas no estranxeiro son Santiago e A Coruña cun 8,6% e 10,9% respectivamente**, **sendo a porcentaxe provincial de 7,2%.** Pola contra **as comarcas con menos poboación inmigrantes son Muros, O Sar e Arzúa, por debaixo as tres do 4%.** Se atendemos á diferenza por sexo vemos que Terra de Soneira e Ortegal, son as únicas comarcas da provincia cunha maior porcentaxe de poboación de homes inmigrantes que de mulleres. Pola contra, as **comarcas de Muros, Terra de Melide, Xallas e Santiago están especialmente feminizadas, con máis dun 55% de mulleres entre a poboación inmigrante**, polo que cabería investigar e atender a esta realidade para reforzar as acción de igualdade nestes territorios.

GRÁFICO 24.

Porcentaxe de poboación nacida no estranxeiro por comarcas da provincia da Coruña. Ano 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de Habitantes.*

Polo que respecta aos movementos migratorios, a provincia da Coruña rexistrou no ano 2017 35.563 emigracións e 24.710 inmigracións que representan un 3,17% e un 3,65% sobre a poboación da provincia. Respecto á distribución das emigracións e das inmigracións segundo a procedencia e destino atopamos que o 60,37% das inmigracións foron internas, é dicir, doutras provincias de Galicia; o 18,51% son doutras Comunidades Autónomas de España; e tan só o 21,12% é inmigración de persoas do estranxeiro; polo que para analizar e intervir sobre as desigualdades no ámbito da inmigración non podemos esquecer que só o 21% destas é do estranxeiro.

Respecto á emigración, os datos son similares, emigrando principalmente a outras provincias da Comunidade Autónoma, cun 68% das emigracións, un 20% a outra Comunidade Autónoma e só o 10% ao estranxeiro. A diferenza por sexo é mínima, sendo a porcentaxe menor ao 2% a favor das mulleres, realidade a considerar. Esta pequena diferenza mantense na serie histórica, xa que dende 1993 existe unha relación parella, lixeiramente favorable ás mulleres, polo que, aínda sendo mínima esta diferenza, é relevante ter en conta os motivos da maior inmigración de mulleres e a consecuente situación , atopándonos cunha poboación inmigrante, tamén do estranxeiro, feminizada, e polo tanto con potenciais situacións de maior vulnerabilidade.

TÁBOA 7.
Distribución dos movementos migratorios da provincia da Coruña. Ano 2017 (valores porcentuais)

Emigración		Inmigración	
Emigración interna	68,7%	Inmigración interna	60,4%
Emigración a outra CCAA	20,9%	Inmigración doutra CCAA	18,5%
Emigración estranxeiro	10,4%	Inmigración do estranxeiro	21,1%

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Movementos Migratorios.*

A relación entre emigracións e inmigracións recóllense nos seguintes gráficos. En primeiro lugar rexístrase a evolución en números absolutos das emigracións e das inmigracións na provincia da Coruña, con dúas claras etapas, un aumento importante das inmigracións ata 2007 cun aumento máis lixeiro das emigracións e un posterior descenso das inmigracións a partir de 2007, consecuencia probablemente da crise económica. Ademais, estabilízanse as emigracións nos valores absolutos máis altos das últimas décadas e, como consecuencia, vemos a superación das emigracións respecto ás inmigracións, por primeira vez nesta serie histórica.

GRÁFICO 25.
Emigracións e inmigracións na provincia da Coruña. Período 1998 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Movementos Migratorios.*

En canto ao saldo migratorio, entendido como a diferenza entre o número de inmigracións e o número de emigracións por cada 1.000 habitantes ao longo dun ano, observamos un aumento constante no período 1998 - 2008 froito dun aumento das inmigracións, o que levou a un aumento do saldo migratorio de case 7 puntos, pasando do 1,63 a 8,29. A partir do 2007, o saldo comeza a descender bruscamente, descendendo en cinco anos case nove puntos e acadando en 2013 un dato negativo de -0,99 que significa un maior

número de emigracións que de inmigracións. Este fenómeno debeuse a un lixeiro aumento das emigracións que pasou de 37.948 en 2008 a 38.364 en 2013, acadando o seu máximo valor en 2011 con 40.770 emigracións na provincia, pero sobre todo responde a un brusco descenso da inmigración, pasando de 49.110 inmigracións en 2008 a 39.063 en 2013. A partir do ano 2013 observamos unha recuperación do saldo migratorio, volvendo a valores positivos aínda que moi inferiores aos acadados no 2008.

GRÁFICO 26.
Saldo migratorio na Provincia da Coruña. Período 1998 – 2017



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Movementos Migratorios.*

6. ESTRUTURA FAMILIAR

As estruturas familiares están en profunda e radical mudanza no último século, especialmente no período xa referido da segunda transición demográfica. A familia representou e representa un dos piares básicos da arquitectura social, unha institución social clave dende a orixe dos seres humanos, sendo canle, nas súas diversas formas, das relacións de poder máis arraigadas. Por isto mesmo, os cambios nas estruturas familiares non están relacionados exclusivamente cos cambios sociodemográficos vistos, senón que tamén sinalan cambios das traxectorias de vida familiares e das relacións intra-familiares, cambios moito máis profundos que apelan a boa parte das orixes das desigualdades entre homes e mulleres.

O modelo de familia tradicional estaba baseado no rol produtivo do home como provedor económico vía traballo remunerado e con espazo na esfera pública, fronte ao rol reprodutivo da muller, como coidadora e sustento do fogar, relegada á espera privada. Este modelo familiar entra en crise coa incorporación e mantemento da muller no mercado laboral. Así mesmo, os cambios xa vistos referidos ao atraso da maternidade, á baixada do número de fillas/os por parella, á legalización do matrimonio homosexual ou ao aumento dos nacementos extra matrimoniais, que aumentaron en España case un 40% dende os anos oitenta ata o 2011, amosan ben o novo contexto. Polo tanto, é imprescindible analizar estas mudanzas das estruturas familiares para sinalar como afectan á igualdade e como poden ser aproveitadas fronte á desigualdade.

Un primeiro indicador para analizar a estrutura familiar é o estado civil, que se define como a situación de dereito ou situación legal das persoas no referido ao seu estado como solteiras, casadas, separadas, divorciadas ou viúvas. Esta situación legal non ten por que coincidir coa situación real das persoas e das parellas, polo que o estado civil xa non capta con precisión a situación conxugal das parellas, xa que outro dos principais cambios rexistrados nas estruturas familiares relaciónase coa formación de parellas e proxectos vitais ao marxe dos marcos legais do matrimonio, sen precisar rexistralos e sendo ademais as relacións moito máis inestables e cambiantes do que foron no pasado.

A única fonte que recolle información sobre o estado civil a nivel comarcal é o Censo de Poboación e Vivendas. Aínda que os datos son do ano 2011 e, polo tanto, non están actualizados, cómpre analizalos para coñecer as situacións diferenciais que se viven nos diferentes territorios da provincia. Pero antes de entrar na análise comarcal é necesario contextualizar a provincia da Coruña con respecto a Galicia e ao conxunto estatal. A tal fin, na seguinte táboa comprobamos que, a primeira vista, non hai grandes diferenzas, estando a porcentaxe de solteiras/os sobre o 40%, categoría que inclúe a poboación menor de idade, a de casadas/os en torno ao 46%, a de divorciadas/os sobre o 4% e a de viúvas/os en torno ao 7%. Aínda así, as principais diferenzas que atopamos cumpren o patrón xa descrito, xa que Galicia atópase nun extremo, con maiores porcentaxes de poboación casada estando moi seguida por Coruña e no outro extremo atoparíase España, con maior porcentaxe de poboación solteira e menor porcentaxe de poboación viúva. As hipóteses explicativas destas diferenzas pasan por relacionar os datos coa poboación máis envellecida de Galicia e, polo tanto, con máis viuvez e posiblemente máis matrimonios, podendo tamén responder a unha escala de valores no referido á familia máis tradicional, algo que sería necesario contrastar con outros indicadores.

TÁBOA 8.

Distribución da poboación segundo estado civil na provincia da Coruña, Galicia e España. Ano 2011 (valores porcentuais)

Ámbito territorial	Solteira/o	Casada/o	Separada/o ou Divorciada/o	Viúva/o
Provincia da Coruña	40,1%	47,6%	4,3%	8,0%
Galicia	39,7%	47,8%	4,4%	8,1%
España	43,5%	45,6%	4,7%	6,2%

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Censo de Poboación e Vivendas.*

A desagregación dos datos por sexo na provincia da Coruña móstrase no seguinte gráfico e como se pode observar, as diferenzas son menores. Estas responden principalmente ao tipo de estrutura da poboación, con máis homes nas idades temperás e polo tanto maior número de solteiros, e un maior número de viúvas, debido principalmente á menor esperanza de vida dos homes.

GRÁFICO 27.

Porcentaxes de poboación segundo estado civil e sexo na provincia da Coruña. Ano 2011



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Censo de Poboación e Vivendas.*

Na seguinte táboa móstranse os datos do estado civil con desagregación comarcal para o ano 2011, último ano con datos municipais, e vemos resultados coherentes co analizado ata o de agora. As comarcas máis envellecidas son as que rexistran o menor número de solteiras/os, en concreto Ortegal, Xallas e Muros, que se sitúan por debaixo do 35% de poboación solteira, mentres que as comarcas menos envellecidas de Santiago, A Coruña e Barbanza rexistran a maior porcentaxe de solteiras/os superando o 40%. No caso da categoría "Viúva/o" a situación é inversa, atopando máis poboación viúva en Muros, Arzúa, Xallas e Ortegal (por enriba do 10%) e menos en Santiago, A Coruña e Barbanza (en torno ao 7%).

TÁBOA 9.
Distribución da poboación segundo estado civil por comarcas da provincia da Coruña. Ano 2011 (valores porcentuais)

Comarca	Solteira/o	Casada/o	Separada/o ou Divorciada/o	Viúva/o
A Barcala	36,9%	51,3%	3,0%	8,9%
A Coruña	41,3%	45,8%	5,4%	7,4%
Arzúa	37,4%	49,5%	2,5%	10,6%
Barbanza	41,2%	47,1%	4,2%	7,5%
Bergantiños	37,0%	50,6%	3,5%	9,0%
Betanzos	37,4%	49,3%	4,0%	9,3%
Eume	38,1%	50,5%	3,7%	7,7%
Ferrol	37,7%	48,5%	4,7%	9,1%
Fisterra	37,2%	51,7%	3,7%	7,5%
Muros	35,0%	50,0%	4,3%	10,8%
Noia	39,7%	48,1%	2,8%	9,4%
O Sar	39,1%	49,5%	2,7%	8,7%
Ordes	39,5%	49,9%	2,5%	8,1%
Ortegal	33,1%	52,9%	3,7%	10,3%
Santiago	44,8%	45,2%	3,8%	6,2%
Terra de Melide	39,4%	48,8%	2,1%	9,7%
Terra de Soneira	35,7%	51,7%	2,6%	10,0%
Xallas	34,8%	53,2%	1,5%	10,5%

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Censo de Poboación e Vivendas.*

Por outra banda, **vemos que as maiores porcentaxes de poboación casada rexístranse nas comarcas do Xallas, Ortegal, Fisterra e Terra de Soneira, mentres que as menores porcentaxes obsérvanse nas comarcas de Santiago e A Coruña**. E polo que respecta á poboación separada ou divorciada, as maiores porcentaxes vense nas comarcas da Coruña e Ferrol, mentres que as menores rexístranse nas comarcas do Xallas, Terra de Melide, Arzúa e Ordes. Do mesmo xeito que indicamos para o nivel provincial, estes datos poden estar relacionados cos diferentes índices de envellecemento das comarcas pero cabe a posibilidade tamén de que os territorios máis envellecidos sexan os que contan con valores máis tradicionais sobre a familia e o matrimonio, o que fai que as porcentaxes de poboación casada sexan máis altas e as de poboación separada ou divorciada máis baixas.

A fin de poder analizar a evolución nos datos de poboación segundo estado civil na provincia da Coruña recorremos a Enquisa de Poboación Activa (EPA), que recolle información a nivel provincial para poboación de 16 anos e máis. A través dos datos absolutos que ofrece a EPA recollidos na seguinte táboa comprobamos que a poboación solteira apenas presenta cambios salientables entre 2010 e 2017. No caso das persoas casadas, porén, si observamos unha tendencia decrecente tanto en homes como en mulleres, cun descenso entre o ano 2010 e 2017 de en torno ao 6%. Pola súa parte, e por mor do envellecemento, comprobamos un incremento da poboación viúva, especialmente no caso dos homes, aínda que o 79% das persoas viúvas no ano 2017 eran mulleres. Por último, comprobamos unha tendencia crecente da poboación separada ou divorciada tanto de homes como de mulleres, pois entre 2010 e 2017 esta poboación creceu conxuntamente un 21%, situación especialmente relevante se temos en conta que a poboación neste período descendeu un 21%, polo que o incremento rexistrado é moi significativo.

O descenso continuo da poboación casada e o aumento, tamén continuo, da poboación separada ou divorciada marca unha tendencia na provincia da Coruña a ter en conta no deseño de plans e medidas de acción dirixidas á poboación, pois parece claro que **o modelo tradicional de familia, aínda que segue a ser maioritario, presenta agora numerosas alternativas ás que se debe prestar especial atención.**

TÁBOA 10.
Poboación expresada en miles segundo estado civil na provincia da Coruña. Período 2010 – 2017 (valores absolutos)

Anos	Persoas solteiras		Persoas casadas		Persoas viúvas		Persoas separadas ou divorciadas	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2010	162,4	145,3	272,1	271,9	16,3	73,3	20,8	27,5
2011	164	147,8	269,2	269,4	17,5	71,8	20,6	28,7
2012	162,7	147	268,4	268,7	17,6	71,8	21,4	29,2
2013	169,8	147,4	259,4	259,8	16,3	75,5	22,3	31,7
2014	163,2	144,7	263,2	261,6	15,7	75,1	23,3	30,5
2015	160,5	142,3	264,1	262,5	17,3	76,4	21,5	28,7
2016	161,9	143,6	257,3	258,1	19,1	75,1	23,7	31,8
2017	162,1	144,8	254,1	255,7	19,4	74,4	25,1	33

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Censo de Poboación e Vivendas.*

Neste punto parece necesario analizar a composición e tipoloxía de familias tomando como unidade de medida **os núcleos familiares**. O núcleo familiar restrinxe o seu significado a un tipo de familia limitada aos vínculos de parentesco de 1º grao, considerando por tanto núcleo familiar a unha nai ou a un pai con fillas/os, a unha parella con fillas/os, ou a unha parella sen fillas/os. Os datos que analizaremos a continuación proceden tamén do Censo de Poboación e Vivendas, pois son os únicos dispoñibles que ofrecen información a nivel comarcal.

No gráfico seguinte recóllese **o tipo de familias por núcleos familiares na provincia da Coruña**, no referido ao ano 2011. Como se pode comprobar, existe unha alta porcentaxe de parellas sen fillas/os, o 33,8% fronte ao 49,4% de parellas con fillos/as. Ademais aparece cunha presenza importante as familias monomarentais e monoparentais, cun total do 16,8%, existindo unha diferenza máis que relevante entre elas, pois existen catro veces máis familias monomarentais que monoparentais, situación que non deixa de sinalar a aínda común asunción dos traballos de coidados por parte das mulleres moi maioritariamente fronte os homes.

As familias monomarentais e monoparentais duplicáronse en España entre 1981 e 2011, pasando dun 8,5% do total dos núcleos familiares ao 16,2%. Neste sentido, que veñan aumentando o número de familias monomarentais e monoparentais pode ser un síntoma de maior liberdade e independencia de mulleres e homes, e dunha maior flexibilidade dos valores e convencións sobre o tipo de estrutura familiar. Porén, **este fenómeno apunta cara a unha perpetuación das situacións de desigualdade, cunha maior adopción das cargas familiares por parte das mulleres, susceptible de derivar en situacións de maior vulnerabilidade**, polo que é preciso estudar en profundidade este fenómeno e considerar actuacións sobre el.

GRÁFICO 28.
Distribución dos núcleos familiares da provincia da Coruña por tipo de núcleo. Ano 2011 (valores porcentuais)



► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Censo de Poboación e Vivendas.*

No referido á desagregación por comarcas non atopamos neste caso unha relación clara. En calquera caso, cabe destacar a situación da **comarca do Ortegal, pois presenta a porcentaxe máis alta de parellas sen fillas/os e a porcentaxe máis baixa de parella con fillas/os**. E polo que respecta ás familias monomarentais e monoparentais tampouco observamos un patrón claro, **atopando a maior porcentaxe de familias monomarentais ou monoparentais en Noia, Arzúa A Coruña e Barbanza**, e as maiores diferenzas entre as familias monomarentais e monoparentais en Ortegal, Melide e A Coruña.

TÁBOA 11.
Distribución dos núcleos familiares segundo tipo de núcleo por comarca da provincia da Coruña. Ano 2011 (valores porcentuais)

Comarca	Parella sen fillas/os	Parella con fillas/os	Familia monomarental	Familia monoparental
A Barcala	35,46%	50,84%	11,42%	2,44%
A Coruña	35,13%	47,30%	14,36%	3,21%
Arzúa	28,63%	52,58%	14,02%	4,67%
Barbanza	28,30%	54,30%	13,77%	3,63%
Bergantiños	33,99%	51,13%	11,90%	2,98%
Betanzos	37,23%	47,46%	11,08%	4,27%
Eume	33,35%	51,43%	12,49%	2,85%
Ferrol	36,26%	46,65%	13,71%	3,40%
Fisterra	33,98%	53,25%	10,40%	2,45%
Muros	34,97%	50,06%	12,46%	2,63%
Noia	30,25%	50,21%	15,08%	4,42%
O Sar	32,91%	50,44%	13,10%	3,55%
Ordes	32,48%	53,10%	10,94%	3,39%
Ortegal	41,37%	42,40%	13,71%	2,29%
Santiago	30,63%	52,20%	14,05%	3,11%
Terra de Melide	32,35%	51,54%	13,69%	2,68%
Terra de Soneira	34,03%	51,00%	11,92%	2,96%
Xallas	31,11%	56,11%	9,79%	2,88%
Total Provincia	**33,80%**	**49,39%**	**13,53%**	**3,28%**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do INE, Censo de Poboación e Vivendas.*

7. CONCLUSIÓNS

A continuación resúmense os principais indicadores demográficos, as tendencias atopadas, as diferenzas territoriais e as desigualdades de xénero analizadas no capítulo.

► Nos últimos 5 anos freouse a perda poboacional da provincia da Coruña.

Dende o ano 2000 ata o ano 2008 a poboación da provincia experimentou un crecemento constante, pero a partir do ano 2008 invértese esta tendencia. O descenso ten que ver coa chegada da crise, o que derivou nun incremento da emigración, nun descenso das inmigracións e nunha redución nos nacementos. Pero a partir do ano 2013 este descenso poboacional comezou a reducirse. Se ben é certo, a tendencia no incremento da poboación é ascendente, pero segue tendo un saldo negativo. Esta tendencia cara á recuperación mantén un ritmo máis lento, e ten que ver co aumento do saldo migratorio, cun crecemento das inmigracións. O saldo vexetativo pola contra, segue estable, polo que podemos concluír que o cese da perda de poboación débese á inmigración.

► Cambios nas traxectorias vitais das mulleres.

En relación directa coa estrutura poboacional atópanse os indicadores de natalidade e mortalidade que, como se constatou na análise, veñen amosando cambios nas sociedades e principalmente nas traxectorias

vitais das mulleres. No tocante ao primeiro dos indicadores, dende o ano 1975 a natalidade experimentou unha redución de máis da metade dos nacementos por cada mil habitantes. O comportamento e evolución da taxa xeral de fecundidade e do número medio de fillas e fillos por muller ten sido moi similar. Atopamos pois, un panorama onde as grandes **reducións dos indicadores de natalidade sinalan cambios nas traxectorias vitais dos homes, pero sobre todo, nas traxectorias vitais das mulleres**. A súa maior incorporación ao mercado laboral e unha maior planificación familiar, apuntan cara unha contracción da natalidade e por tanto cara unha situación que pode devir nun maior envellecemento poboacional, aínda que isto non debe invisibilizar os avances cara á igualdade en múltiples esferas da vida das mulleres. Observando os datos por comarcas, **Ortegal, Xallas, Muros e Terra de Soneira aparecen de novo como as comarcas con menor natalidade e fecundidade e maior mortalidade, fronte a Coruña, Santiago, Ferrol e Barbanza**. Neste senso, como apunta o persoal técnico e político, as comarcas máis envellecidas presentan escasas perspectivas socioeconómicas de futuro, polo que a falta de opcións laborais é un dos principais escollos destas comarcas máis envellecidas. Resultan necesarias alternativas socioeconómicas e laborais, así como máis recursos en igualdade adaptados á estrutura demográfica envellecida e que favorezan a conciliación e a corresponsabilidade, para frear a saída de poboación nova cara outros territorios en busca de maiores oportunidades laborais.

Pola súa parte, a mortalidade vén aumentado de xeito constante dende 1975 pero cun ritmo máis pausado que a natalidade. Isto explícase polas xa mencionadas fases de transición demográfica, proceso no cal reduciuse primeiro a mortalidade e posteriormente a natalidade, xa nunha fase máis recente. A evolución da **esperanza de vida sufriu un aumento progresivo**, sen bruscos aumentos ou diminucións. Así, do ano 1975 ao 2017 pasouse na provincia de 72 a 82 anos. A diferenza na **esperanza de vida entre homes e mulleres concrétase en máis de 5 anos**, situándose a esperanza de vida dos homes da provincia en 80,02 e a das mulleres en 85,75. Esta diferenza reduciuse en algo máis dun ano dende 1975, pero segue a indicar unha relación que, por unha banda, sinala unha feminización da vellez e por outro, uns roles clasicamente asociados aos homes que derivan en traxectorias vitais que ás veces supoñen unha vida máis curta, alén das cuestións biolóxicas. **É importante atender entón á mortalidade e á vellez diferencial de homes e mulleres para explicar as desigualdades de xénero**. Atender a esta relación pode xerar tamén melloras nas condicións de vida dos homes, neste caso aumentos na esperanza de vida. A procura da igualdade de xénero, e polo tanto o fin dos roles clasicamente asignados a homes e a mulleres, pode supoñer ademais o fin doutras desigualdades relacionadas coa estrutura económica. **Cando se afrontan as causas estruturais dunha relación de desigualdade inevitablemente afróntanse todas as situacións de desigualdade**.

► Envellecemento da poboación.

Os indicadores da provincia mostran unha poboación cada vez máis envellecida:

- No **ano 2017 vivían na Coruña o dobre de persoas maiores de 64 anos que menores de 15 anos,** isto é, do total, o 12% correspóndese con persoas menores de 15 anos e un 24% con persoas maiores de 64 anos.
- O groso da poboación sitúase principalmente nas franxas de idade que comprenden os 40 e 60 anos, froito das xeracións do baby-boom.
- A idade media aumentou dende 1998 en 5 anos, pasando dos 41 anos aos 46,5 anos.
- O índice de envellecemento pasou do 88% en 1998 a situarse no 150% en 2017.
- O índice de dependencia senil tamén mostra este proceso de envellecemento, o cal subiu no mesmo período dez puntos porcentuais, pasando do 26,2% ao 37%.

Esta realidade provincial rexistra notables diferenzas entre comarcas, atopándonos que A Coruña, Santiago, Ferrol, Barbanza e Bergantiños, comarcas que representan máis do 75% da poboación provincial, recollen un envellecemento menor, un maior crecemento poboacional relativo e un maior dinamismo demográfico. Pola contra, as restantes 13 comarcas mostran un **importante declive demográfico e un maior envellecemento, especialmente no caso de Ortegal, Muros, Terra de Soneira, Xallas e Arzúa, comarcas cos maiores indicadores de envellecemento.** É preciso ter en conta esta diversidade territorial xa que os problemas atopados nas comarcas máis despoboadas e con maior envellecemento son

diferentes e, acotío, máis profundos que os atopados nas comarcas máis poboadas. Así mesmo, tal e como apunta o propio persoal técnico e político consultado é necesario crear oportunidades laborais que contribúan a fixar poboación nova nestes territorios, non considerar unicamente o envellecemento como un problema para o sistema económico e as pensións, senón como unha oportunidade para a creación de novos servizos que atendan estas necesidades sociais e asistenciais, e para formar a persoas para a atención á poboación envellecida, profesionalizando así os coidados. Pero como tamén apunta o persoal, máis aló da propia contribución á familia tanto economicamente no sustento de moitos fogares, ou axudando nos coidados de menores, non se debe obviar o importante rol que adquiren no movemento asociativo e no voluntariado de moitos concellos. Ao respecto dos coidados, segundo a Enquisa Estrutural a Fogares do IGE, en Galicia no ano 2017 un total de 72.486 núcleos familiares con nenas e nenos de 0 a 12 anos reciben axuda de avoas e avós por exemplo para coidalas/os cando enferman ou non poden acudir ao centro escolar; un 2,8% máis respecto ao ano 2012.

► Crecente feminización do envellecemento.

O índice de envellecemento nas mulleres é do 178%, 56 puntos porcentuais superior aos dos homes (122%). Isto débese, principalmente, á maior esperanza de vida das mulleres, o que inevitablemente apunta cara unha serie de retos que se deben ter moi presentes, en tanto que a feminización do envellecemento trae consigo un **incremento das situacións de vulnerabilidade das mulleres maiores**, **e cuxas implicacións van a estar relacionadas principalmente coa saúde e cos coidados, coa seguridade económica e, en menor medida, coa situación da convivencia.** Sobre este último aspecto, é un feito constatado que a maioría das persoas que viven soas son mulleres, polo que o sentimento de soidade aféctalles máis. A este respecto, segundo os datos da enquisa estrutural a fogares do IGE, no ano 2016 en Galicia o 63,49% dos fogares unipersoais están compostos por mulleres de 65 ou máis anos, do que se desprende que unha elevada proporción de mulleres maiores viven soas. Tamén é unha realidade as diferenzas existentes entre as rendas anuais de mulleres e de homes maiores, polo que as súas menores rendas fan que teñan maiores dificultades económicas que os homes, e nalgúns casos, fanas dependentes economicamente e isto acrecenta as situacións de desigualdade. **En canto á saúde, ademáis aló da consideración global do benestar físico e social, tamén existen unha serie de problemáticas relacionadas co propio proceso de envellecemento das mulleres e que teñen que ver con aspectos psicosociais** específicos como a ansiedade, depresión e a baixa autoestima, así como coas propias problemáticas derivadas da asunción do seu rol, porque non se debe obviar a sobrecarga que sofren moitas mulleres maiores nas responsabilidades informais dos coidados. Tal e como apunta o propio persoal técnico e político das administracións locais, moitas precisan de coidados pero moitas outras seguen asumindo o papel de coidadoras, e con iso aceleran o seu proceso de envellecemento e deterioran a súa saúde; situación que en maior medida sucede nos concellos con maior taxa de envellecemento. Neste senso, o Servizo de Atención á Dependencia está entre os servizos máis demandados, polo que a situación de envellecemento da poboación e a crecente feminización do envellecemento require que as políticas destinadas a cubrir as necesidades básicas e de mellora da calidade da vida e saúde sigan desenvolvéndose, pero tamén é importante poñer o foco sobre aquelas medidas que poden contribuír á redución do deterioro da saúde e das capacidades autónomas das persoas maiores. Segundo a Enquisa Estrutural a Fogares do IGE, entre o ano 2011 e o 2017 Galicia rexistrou un 25,06% máis de persoas que se declaran en situación de dependencia, polo que o 4,40% da poboación de Galicia ten dependencia, e entre as mulleres ten unha maior incidencia. Esta incidencia tamén se incrementa coa idade, especialmente a partir dos 75 anos, polo que a principal causa, ademáis da propia idade, é a enfermidade. A Costa da Morte está entre as zonas de Galicia con maior porcentaxe de persoas con dependencia, comprendendo as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas.

► A viuvez está moi feminizada.

Así mesmo, **na provincia máis do 62,6% das persoas maiores de 65 anos viúvas son mulleres**, polo que a soidade e o illamento pode derivar en situacións de vulnerabilidade. Existen unhas diferenzas comarcais importantes, sendo Arzúa, Ortegal, Xallas e Muros, as comarcas con maiores taxas de viuvez,

por riba do 10%, e situándose Santiago, A Coruña e Barbanza no outro extremo, sobre o 7%. Como se comenta no anterior punto, existen posibles situacións de discriminación e vulnerabilidade das mulleres viúvas, especialmente naquelas comarcas máis envellecidas, e con menores recursos para a súa atención. Os datos demográficos amosan que esta realidade irá en crecemento polo que é imprescindible atender á posición das mulleres viúvas, potenciando as súas capacidades e atendendo á saúde socioemocional, ao illamento e ás condicións materiais.

► Cambios no concepto de familia tradicional

No referido ás estruturas familiares tamén se analizou o estado civil e a composición dos núcleos familiares, atendendo á familia como unhas das principais institucións sociais que recollen e reproducen o sistema patriarcal, e tal e como se constatou, esta institución está sufrindo fortes mudanzas nas últimas décadas. Por unha banda, no 2011 na provincia da Coruña existía un 40,14% de persoas solteiras, un 47,56% de casadas, un 4,32% de persoas separadas ou divorciadas, e un 7,89% de viúvas. A este respecto, segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa do IGE, do 2010 ao 2017 na provincia da Coruña **o número de mulleres separadas ou divorciadas aumentou nun 20%.** A separación é polo tanto unha realidade social cada vez máis estendida que sinala un factor positivo na liberade das parellas e a debilitación das concepcións de familia patriarcal, pero tamén trae consigo demandas potenciais, tal e como sinala o persoal técnico e político das administracións locais. Apúntase que cada vez máis mulleres acoden aos servizos sociais comunitarios e ao CIM na procura de información e asesoramento, especialmente naqueles casos relacionados cos conflitos na separación conxugal ou por dificultades psicosociais subxacentes ao proceso de separación ou divorcio.

Por outra banda, e respecto á composición dos núcleos familiares, os datos para a provincia da Coruña no 2011 amosaban un 33,8% de parellas sen fillas ou fillos, un 49,4% de parellas con fillas ou fillos e un 16,8% de familias monomarentais ou monoparentais. Ao respecto destas últimas rexístrase un alto incremento. Así, dende o 1981 ata o 2011, estas duplicáronse, aínda que con matices importantes. Así por exemplo, no 2011 **as familias monomarentais representaban o 13,5% do total dos núcleos familiares**, **mentres que as familias monoparentais só o 3,3%.** Xunto a este escenario, a maior incorporación das mulleres ao mercado laboral, o incremento de parellas nas que ambas partes están empregadas, a duplicación da taxa de divorcios dende os anos 2000, ou a aprobación das leis de matrimonio homosexual, apuntan unha **debilitación do modelo tradicional de familia.** Este novo escenario familiar ten un aspecto positivo relacionado coa posta en **cuestión da institución da familia patriarcal como estrutura omnipresente**, ampliando as opcións nas estratexias vitais e familiares. Pero como apunta o propio a persoal técnico e político, así como diversas entidades do movemento asociativo da provincia, acrecéntanse as vulnerabilidades nestas formas de familia, especialmente nas familias monomarentais. Estas teñen que ver, principalmente, coas dificultades económicas e cunha maior dificultade na conciliación e nos coidados. É preciso, polo tanto, atender ás situacións de desvantaxe das novas estruturas familiares e dar respaldo institucional as súas necesidades, evitando que estas novas realidades deriven en situacións de discriminación.

► Poboación nacida no estranxeiro feminizada.

Ademais da estrutura demográfica, a natalidade e mortalidade, as migracións xogan un papel relevante nas poboacións. A análise da evolución dos movementos migratorios na provincia amosa que dende 1998 ata o 2007 experiméntase un crecemento das emigracións e das inmigracións, cunha maior forza das inmigracións. Esta tendencia invértese a partir da crise, e no 2013 as emigracións pasan a superar as inmigracións, pero actualmente constátase unha recuperación das inmigracións, chegando a representar o 7,66% da poboación total, e unha baixada das emigracións. Como principais países de nacemento desta poboación destacan Venezuela, Arxentina, Brasil e Colombia, cunha presencia de mulleres notablemente superior á de homes. A desagregación comarcal sinala a Santiago e A Coruña, como as comarcas con máis porcentaxe de poboación nacida no estranxeiro, co 8,5% e o 10,9% respectivamente. É preciso polo tanto atender a unha **poboación nada no estranxeiro que está feminizada e que se pode ver afectada**

por unha tripla discriminación, de xénero, clase e raza, **previndo con iso importantes situacións de vulnerabilidades froito desas posicións de discriminación**. Así mesmo, como sinala o Terceiro Sector, a situación das persoas migrantes é especialmente **complicada naqueles casos nos que carecen de nacionalidade ou permiso de residencia.** Ademais, as mulleres inmigrantes que non teñen regrada a súa estancia teñen unha situación especialmente difícil e precarizada, e que ten que ver con que moitas destas mulleres conforman familias monomarentais e con que outras rematan inmersas en **redes de trata de mulleres para o mercado da prostitución**, cuestión de máxima gravidade que precisa dunha abordaxe xudicial e social específica. Ante esta situación, as entidades especializadas sinalan, por unha banda, a necesidade de desenvolver un traballo en rede e coordinado entre as institucións e o terceiro sector; e por outra, unha decidida aposta política que favoreza a súa sustentabilidade financeira e un maior fluxo de profesionalización das ONGs. E isto, porque como apuntan, coa actual concepción das axudas públicas que reciben, que levan parello un exceso de burocratización, moitas destas entidades non conseguen superar a perspectiva asistencialista e necesitan nutrirse de voluntariado.

En resumo, neste capítulo mostrouse o xiro de 180º que teñen dado as estruturas demográficas no último século, cambio de rumbo froito dos grandes cambios hixiénico-sanitarios, socioeconómicos e políticos. No referido á igualdade de xénero, e aínda sendo o sistema patriarcal un sistema de poder vixente e funcional, as tendencias do mercado de traballo, as estruturas familiares, a natalidade ou a maternidade, parecen indicar mudanzas positivas. Aínda así, este novo panorama sociodemográfico **sinala retos específicos que precisan unha abordaxe concreta** e que están relacionados co **despoboamento, coas altas taxas de dependencia, as baixas taxas de natalidade e cun importante envellecemento**, coa consecuente feminización da vellez e demanda de traballos de coidados, acotío nin remunerados nin regrados, así como altas taxas de viuvez feminina e unha **feminización das persoas inmigrantes**. Por outra banda, atopamos **novos modelos de familias** cada vez máis frecuentes no noso entorno, as familias monomarentais e monoparentais, cuxas problemáticas sociais repercuten en moitos ámbitos da vida cotiá (emprego, vivenda, educación, etc.). É preciso, polo tanto, mudar as desigualdades de xénero atendendo as especificidades da poboación, a súa composición por idades e sexos e a súa distribución territorial. **A loita contra a desigualdade de xénero ten que abordar necesariamente, todas as estruturas de poder, privilexio e discriminación.**

8. ANEXO

TÁBOA 12.

Poboación de mulleres por grupos de idade nas comarcas da provincia a Coruña. Ano 2017 (Valores absolutos)

Comarca	De 0 a 14	De 15 a 24	De 25 a 39	De 40 a 64	De 65 e mais	Total
Arzúa	730	576	1.344	2.793	2.791	8.234
Barbanza	4.230	3.084	6.265	12.200	8.221	34.000
A Barcala	538	371	886	1.821	1.794	5.410
Bergantiños	3.525	2.403	5.998	12.334	10.120	34.380
Betanzos	1.873	1.228	3.239	6.821	6.141	19.302
A Coruña	25.554	15.647	38.080	79.165	51.325	209.771
Eume	1.222	912	2.149	4.769	3.635	12.687
Ferrol	8.654	5.580	13.568	29.598	23.323	80.723
Fisterra	1.108	879	1.855	3.988	3.326	11.156
Muros	526	458	946	2.295	2.431	6.656
Noia	1.770	1.309	2.884	5.981	5.322	17.266
Ordes	2.025	1.268	3.407	6.657	5.356	18.713
Ortegal	416	404	894	2.146	2.576	6.436
Santiago	11.354	7.066	17.199	33.379	18.937	87.935
O Sar	874	587	1.479	2.868	2.480	8.288
Terra de Melide	549	471	984	2.028	2.044	6.076
Terra de Soneira	708	670	1.342	3.154	3.090	8.964
Xallas	544	511	1.080	2.416	2.435	6.986
Total Provincia	**66.200**	**43.424**	**103.599**	**214.413**	**155.347**	**582.983**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes.*

TÁBOA 13.

Poboación de homes por grupos de idade nas comarcas da provincia a Coruña. Ano 2017 (valores absolutos)

Comarca	De 0 a 14	De 15 a 24	De 25 a 39	De 40 a 64	De 65 e mais	Total
Arzúa	734	623	1.508	3.184	2.217	8.266
Barbanza	4.545	3.212	6.501	12.260	6.154	32.672
A Barcala	589	390	898	1.829	1.308	5.014
Bergantiños	3.931	2.587	6.241	12.469	7.749	32.977
Betanzos	2.113	1.298	3.393	7.107	4.762	18.673
A Coruña	26.727	16.509	36.962	72.463	36.298	188.959
Eume	1.265	930	2.322	4.839	2.791	12.147
Ferrol	9.275	5.779	14.183	28.156	16.686	74.079
Fisterra	1.139	904	1.973	4.001	2.597	10.614
Muros	577	509	1.053	2.309	1.748	6.196
Noia	1.851	1.341	3.056	6.086	3.927	16.261
Ordes	2.189	1.378	3.570	6.732	4.120	17.989
Ortegal	481	385	1.029	2.287	1.913	6.095
Santiago	11.854	7.155	16.042	30.350	13.356	78.757
O Sar	922	626	1.511	2.873	1.702	7.634
Terra de Melide	623	440	1.068	2.269	1.677	6.077
Terra de Soneira	822	694	1.509	3.039	2.332	8.396
Xallas	621	534	1.217	2.305	1.828	6.505
Total Provincia	**70.258**	**45.294**	**104.036**	**204.558**	**113.165**	**537.311**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes.*

TÁBOA 14.

Distribución da poboación de mulleres por grupos de idade nas comarcas da provincia a Coruña. Ano 2017 (valores porcentuais)

Comarca	De 0 a 14	De 15 a 24	De 25 a 39	De 40 a 64	De 65 e mais	Total
Arzúa	8,9%	7,0%	16,3%	33,9%	33,9%	100,0%
Barbanza	12,4%	9,1%	18,4%	35,9%	24,2%	100,0%
A Barcala	9,9%	6,9%	16,4%	33,7%	33,2%	100,0%
Bergantiños	10,3%	7,0%	17,4%	35,9%	29,4%	100,0%
Betanzos	9,7%	6,4%	16,8%	35,3%	31,8%	100,0%
A Coruña	12,2%	7,5%	18,2%	37,7%	24,5%	100,0%
Eume	9,6%	7,2%	16,9%	37,6%	28,7%	100,0%
Ferrol	10,7%	6,9%	16,8%	36,7%	28,9%	100,0%
Fisterra	9,9%	7,9%	16,6%	35,7%	29,8%	100,0%
Muros	7,9%	6,9%	14,2%	34,5%	36,5%	100,0%
Noia	10,3%	7,6%	16,7%	34,6%	30,8%	100,0%
Ordes	10,8%	6,8%	18,2%	35,6%	28,6%	100,0%
Ortegal	6,5%	6,3%	13,9%	33,3%	40,0%	100,0%
Santiago	12,9%	8,0%	19,6%	38,0%	21,5%	100,0%
O Sar	10,5%	7,1%	17,8%	34,6%	29,9%	100,0%
Terra de Melide	9,0%	7,8%	16,2%	33,4%	33,6%	100,0%
Terra de Soneira	7,9%	7,5%	15,0%	35,2%	34,5%	100,0%
Xallas	7,8%	7,3%	15,5%	34,6%	34,9%	100,0%
Total Provincia	**11,4%**	**7,4%**	**17,8%**	**36,8%**	**26,6%**	**100,0%**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes.*

TÁBOA 15.

Distribución da poboación de homes por grupos de idade nas comarcas da provincia a Coruña. Ano 2017 (valores porcentuais)

Comarca	De 0 a 14	De 15 a 24	De 25 a 39	De 40 a 64	De 65 e mais	Total
Arzúa	8,9%	7,5%	18,2%	38,5%	26,8%	100,0%
Barbanza	13,9%	9,8%	19,9%	37,5%	18,8%	100,0%
A Barcala	11,7%	7,8%	17,9%	36,5%	26,1%	100,0%
Bergantiños	11,9%	7,8%	18,9%	37,8%	23,5%	100,0%
Betanzos	11,3%	7,0%	18,2%	38,1%	25,5%	100,0%
A Coruña	14,1%	8,7%	19,6%	38,3%	19,2%	100,0%
Eume	10,4%	7,7%	19,1%	39,8%	23,0%	100,0%
Ferrol	12,5%	7,8%	19,1%	38,0%	22,5%	100,0%
Fisterra	10,7%	8,5%	18,6%	37,7%	24,5%	100,0%
Muros	9,3%	8,2%	17,0%	37,3%	28,2%	100,0%
Noia	11,4%	8,2%	18,8%	37,4%	24,1%	100,0%
Ordes	12,2%	7,7%	19,8%	37,4%	22,9%	100,0%
Ortegal	7,9%	6,3%	16,9%	37,5%	31,4%	100,0%
Santiago	15,1%	9,1%	20,4%	38,5%	17,0%	100,0%
O Sar	12,1%	8,2%	19,8%	37,6%	22,3%	100,0%
Terra de Melide	10,3%	7,2%	17,6%	37,3%	27,6%	100,0%
Terra de Soneira	9,8%	8,3%	18,0%	36,2%	27,8%	100,0%
Xallas	9,5%	8,2%	18,7%	35,4%	28,1%	100,0%
Total Provincia	**13,1%**	**8,4%**	**19,4%**	**38,1%**	**21,1%**	**100,0%**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes.*

TÁBOA 16.

Nacementos, defuncións, saldo vexetativo, emigracións, inmigracións e saldo migratorio nas comarcas da provincia a Coruña. Ano 2017

Comarca	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Emigracións	Inmigracións	Saldo migratorio
Arzúa	102	273	-171	392	404	12
Barbanza	518	659	-141	1.593	1.598	5
A Barcala	64	166	-102	269	332	63
Bergantiños	448	836	-388	1.588	1.775	187
Betanzos	260	519	-259	1.193	1.553	360
A Coruña	3.096	3.861	-765	13.786	17.665	3.879
Eume	155	299	-144	686	655	-31
Ferrol	1.060	1.960	-900	5.335	5.233	-102
Fisterra	127	287	-160	620	619	-1
Muros	62	184	-122	319	303	-16
Noia	211	452	-241	828	885	57
Ordes	274	492	-218	986	1.027	41
Ortegal	49	216	-167	342	286	-56
Santiago	1.544	1.520	24	6.053	7.198	1.145
O Sar	135	205	-70	468	400	-68
Terra de Melide	79	195	-116	323	327	4
Terra de Soneira	93	247	-154	523	382	-141
Xallas	62	204	-142	259	290	31
Total Provincia	**8.339**	**12.575**	**-4.236**	**35.563**	**40.932**	**5.369**

► *Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do IGE, Padrón Municipal de habitantes.*

COMPARTIMOS *plan*

Diagnose e Plan de Acción das Políticas de **Igualdade de Xénero** na Provincia da Coruña

Deputación DA CORUÑA

IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA